

1. De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte Orden PCM/63/2023, do 25 de xaneiro, BOE do 27 de xaneiro, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Na actualidade existe un borrador de Orde Ministerial, na que non varía a redacción do seu artigo 4.

A este respecto, poderanse adoptar medidas como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias, produtos de apoio que precise para realizar a proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

2. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas dunha situación de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas ao longo da etapa educativa. Particularmente, teranse en conta medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as alumnas e alumnos con discapacidade. En todo caso a solicitude deberá ir acompañada do correspondente certificado do secretario/a do centro que indique as adaptacións realizadas durante o bacharelato o ciclo formativo superior.

4. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no sistema universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para realizar a citada proba, poderá solicitar a adopción dalgunha das medidas arriba indicadas ante o presidente do tribunal único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CiUG.

5. Fíxase un prazo administrativo dende a data de hoxe ata o día 02/02/2024 para informar a CiUG da posibilidade de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.